

# *Os medios de comunicación e o uso do galego na comarca de Ferrol. I*

*HENRIQUE SANFIZ*

**B**os días. «Ya que tenemos aquí un idioma, habría que usarlo más». Esa foi a resposta dun alumno de Primeiro da ESO do Instituto de Ensino Secundario de Fene, cando se lle preguntou a súa opinión sobre a situación da lingua galega. A resposta, breve, penso que encerra no seu interior, toda unha análise en torno á evolución do noso idioma, da lingua propia de Galicia, nos últimos trinta anos. Non fai falta apoiarse en enquisas, para proclamar a evidencia do retroceso da lingua galega. Conforme se acelerou o proceso de urbanización, medrou a similar velocidade a substitución do noso idioma polo castelán, un fenómeno máis evidente nas capas da poboación de menor idade. Creo que é un fenómeno constatable en toda Galicia, aínda que haxa variantes nas diferentes comarcas, e logo deterémonos un chisco en Ferrolterra.

Pero antes, gustárame insistir nese paradoxo da mellora das actitudes cara ao galego experimentada nos últimos anos, e de xeito paralelo o descenso no seu uso na xente nova.

«Ya que tenemos aquí un idioma, habría que usarlo más» afirmou o rapaz, pero posiblemente o seu avó respondese algo similar a «O galego para pouco val, hai que aprender castelán por se hai que traballar fora». Xa que logo, en dúas xeracións pásase de utilizar o galego practicamente como idioma único –pero ao mesmo tempo menosprecialo–, a valorar a lingua sen utilizala. Como se se tratase de vasos comunicantes, vemos como medra o prestixio social, a valoración do galego, e como, paradoxalmente, decrece a súa utilización.

Ferrolterra en xeral, e Fene en particular, representan unha realidade similar á das restantes áreas urbanas de Galicia, co especial engadido da forte presenza na cidade da Armada que provoca a presenza de militares foráneos que se converten en elemento de españolización ao longo do século XX.

## UN MEDIO DE COMUNICACIÓN EN GALEGO

En setembro de 1984 xorde Radio Fene como emisora que utiliza integramente o galego na súa programación. Nese momento a práctica totalidade dos medios informativos marxínaban o noso idioma. Despois dunha presenza relativamente importante e diferenciada tematicamente nos anos da transición, os comezos da década dos oitenta caracterizábanse por un retroceso tanto nos ámbitos informativos que se escribían en galego como nas porcentaxes totais, segundo indican diferentes estudos realizados sobre a materia. Ese era o panorama dos medios escritos, e na radio non melloraban excesivamente as perspectivas. Tan só honrosas excepcións como Radio Popular de Vigo, empregaban con asiduidade o galego. Por iso a importancia de que unha lingua marxínada accedera a lugares ata aquel momento prohibidos, era evidente: supoñía rachar co mito diglósico da exclusiva utilización do galego para as relacións familiares e amistosas: supoñía evidenciar que o noso idioma como calquera outro, era un instrumento válido para todos os eidos da vida dunha persoa.

## CUESTIÓN DA UTILIDADE DAS LINGUAS. A ECONOMÍA E O PRESTIXIO

En calquera contexto social o futuro é daquel idioma que serve para progresar socialmente, da lingua á que se lle demostra utilidade. A Generalitat de Catalunya organiza cursos de catalán en Marrocos, e teñen un éxito desbordante. As listas de espera sobardan todas as posibilidades dos profesores alí desprazados.

Xunto coa economía, amósase tamén crucial incrementar o prestixio social da lingua, a utilización do idioma galego por persoas de relevancia, por aqueles «cadros sociais, económicos, empresariais, deportivos» onde a sociedade poida verse como espello. Quizais no terreo do «prestixio social» sexa onde se produciron certos avances nos últimos anos, pero a evidencia de que iso non representou unha maior utilización do idioma por parte de xente nova, corrobora a tese da necesidade de actuación simultánea e paralela en diferentes ámbitos.

## A TRANSVERSALIDADE DO IDIOMA

Para lograr maior eficacia, hai que actuar de xeito paralelo e simultáneo en todos os ámbitos, na escola, na familia, nas institucións, na comunidade e nos medios de comunicación de masas. En consecuencia propóñense de seguido dez medidas que pretenden ser unicamente ideas e propostas, sen pretensión de seren exhaustivas. Evidentemente a responsabilidade maior de promoción da lingua reside nas institucións, pero tamén a cidadanía, cada un de nós, pode desenvolver accións a favor do noso idioma. Con eses dous guieiros –transversalidade e corresponsabilidade– elaboramos o seguinte decálogo,

conscientes tamén de que algunhas das medidas sobardan o que é o ámbito dos medios informativos, pero a experiencia sinálanos a necesidade imperiosa de avanzar en paralelo. O contrario é continuar retrocedendo.

### **DECÁLOGO DE MEDIDAS PARA POTENCIAR O GALEGO NOS MEDIOS, DIANTE DOS MEDIOS E DENDE OS MEDIOS**

1. Unha política lingüística que aposte claramente pola revalorización da lingua propia e que potencie con decisión a súa utilización.
2. Implantación progresiva do galego como lingua vehicular na maioría dos contidos do ensino.
3. Medidas que favorezan a utilización do galego no ámbito familiar, na comunidade e nos medios de comunicación de masas.
4. Consumir máis os medios que máis utilizan o galego. As subvencións públicas aos medios e a contratación de publicidade institucional deben contemplar a obrigatoriedade de utilización do noso idioma en determinadas porcentaxes.
5. Mesturar o galego coas novas tecnoloxías.
6. Incidir especialmente naquelas medidas que ofrezan un maior prestixio social para a nosa lingua.
7. Reclamar unha utilización do galego «non litúrxica» nen ceremonial.
8. Poñer en valor o galego. Que o seu coñecemento puntue e sexa imprescindible para o acceso a postos de traballo na administración.
9. Mercadotecnia do galego. Aplicación de criterios publicitarios á hora de promocionar o uso do noso idioma.
10. Obrigatoriedade de utilización. En determinados postos de traballo –administración en contacto co público, sanidade, medios de comunicación públicos,...– incluírse nas bases de contratación e nas convocatorias de exames e oposicións, a obrigatoriedade de utilizar o noso idioma no lugar de traballo e ao longo de todo o horario laboral.